



04/10/2021

COMUNICADO

PROGRAMA DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA DE ESCALADA (PTDEG) – FGM

Emitimos esta circular coa intención de informar a tod@s os implicad@s (clubs e pais/nais/titores dos deportistas) do proceso de selección que levaremos a cabo de cara a conformar o equipo de deportistas que formaran parte do Programa de Tecnificación Deportiva de Escalada o próximo 2022.

Tendo en conta que este ano (por vez primeira) contaremos cun extenso calendario de competicións onde se verán reflexadas todas as categorías, entendemos que este será o mellor escenario onde poder observar e obter resultados dos deportistas, polo que prescindiremos das probas de acceso que ultimamente se viñan facendo.

O proceso de selección polo tanto levarase a cabo a finais de decembro tras o análise dos resultados das diferentes competicións, polo que teremos por un lado a deportistas que por decisión técnica (baseada no seu rendemento e resultados en competicións durante o 2021) renovaran a súa adhesión ao equipo, e por outra banda, aos candidatos preseleccionados en función dos seus resultados e das vacantes que se orixinen nas diferentes categorías e xéneros, de cara a conformar así, o equipo definitivo.

No próximo 2022 é a nosa intención volver a ter representación no equipo da categoría alevín (2º ano) e das diferentes categorías xuvenís, polo que unha vez analizados os resultados polo equipo técnico e sempre baixo o seu criterio, poranse en contacto cos clubs e pais/nais/titores dos deportistas preseleccionados co fin de mostrarlles o noso interese pola súa participación no programa e sempre pendentes da súa posterior aceptación das bases do mesmo.

Xa por último lembrar, que de cara a asignar as prazas vacantes teremos en conta a categoría que o deportista terá no 2022, que en moitos dos casos, non será a mesma na que compita no ano actual.

Atentamente

José Juan Domínguez

Director do Programa de Tecnificación de escalada.

Vogalía de escalada

Federación Galega de Montañismo